

Alba Tomé, finalista do Illa Nova: "Nunca é suficiente violencia contra a opresión da figura da autoridade"

"Que que está pasando na literatura galega que de súpeto hai moitísimas escritoras? Non hai ningunha fórmula máxica. Estamos escribindo bos libros", sostén a autora da novela *As humidades*

[Chus Gómez Dorrego](#)

11 de maio de 2026

<https://www.diariodepontevedra.es/articulo/cultura/pendente-nunca-suficiente-violencia-opresion-da-figura-da-autoridade/202605111013201447556.html>

A infancia pode ser un paraíso perdido ou o primeiro inferno. Cando a violencia se instala no fogar, a casa deixa de ser refuxio e convértese nun territorio de medo que marca para sempre a vida futura. Así comeza a sinopse de *As humidades*, a primeira novela de Alba Tomé Sueiro (Vilagarcía de Arousa, 1996), coa que quedou finalista no Premio Illa Nova de Narrativa e que foi publicada por Galaxia en marzo. O 7 de marzo presentouna na librería Paz, en Pontevedra, e [o vindeiro sábado 16 falará dela no evento Vila das Letras, en Marín \(Alameda, 12.00 horas\)](#). Veciña de Caldas, graduouse en Comunicación Audiovisual no campus de Pontevedra e especializouse en xornalismo nun máster da USC. Traballou en varios medios de prensa escrita e no Congreso dos Deputados en comunicación política, "algo que me influíu bastante para todo isto", e actualmente coordina a comunicación no Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (Idega), da USC. Tamén desenvolve un intenso labor no activismo feminista desde a asociación aousá O soño de Lilith.

Finalista do Illa Nova coa súa primeira novela, que en mes e medio xa está na segunda edición. Agardaba este éxito?

Son bastante optimista. Presenteina ao Illa Nova porque confiaba na novela e en que o premio puidese supoñer unha oportunidade de publicación. É un recoñecemento moi importante e unha oportunidade moi grande publicar un selo tan lonxevo e importante no país. Síntome moi agradecida.

Súmase a esta fornada de escritoras novas que tamén tratan temas que igual ata agora non eran tan visibles na literatura, como o feminismo, a igualdade, a infancia...

Xa era hora, supoño. Ás veces pregúntanme, non con moito atino, cal é a fórmula máxica. Que está pasando na literatura galega que de súpeto hai moitísimas escritoras. Non hai ningunha fórmula máxica. Estamos escribindo bos libros. Punto.

E ademais publícanse.

Hai un claro interese. O motivo polo que os libros máis lidos neste momento sexan os de mulleres é porque son bos. Está pasando tamén no cine. Por fin estamos ocupando o espazo cultural que correspondía. As editoriais non son parvas e saben o que lles pode funcionar máis. Ao final isto é un mercado e as escritoras agora mesmo temos un peso importante.

Afirmou que esta novela non é unha autobiografía pero si que é autoficción. Que buscaba escribindo esta historia?

Empecei a escribir dende un enfado, cando traballaba no Congreso, quizáis sen ningún fin. Eu sempre escribín por pracer, e realmente escribo esta novela por pracer. Pero o enfado levoume a escribir ese primeiro parágrafo tan violento [*A primeira vez que vin facer política foi cando miña avoa lle lanzou unha cunca de leite a meu pai á cabeza*] que resume a sintonía do resto da novela. Digo que é unha autoficción porque me poño no centro, nesa nena que se rebela ante o despotismo paterno, ante a violencia, ante a xerarquía, tamén dende a agresividade.

Chama á atención que esa nena, chamada Alba, é a irmá pequena, e non a maior, que podería exercer ese rol de protectora.

Quería que nesa casa na que hai só un home e catro mulleres houbera mulleres sometidas, que deciden acatar e poñer a outra meixela para non enfadar á fera, para saber como levala. É un relato bastante instaurado, espero que nas pasadas xeracións, de cando se recibía a violencia machista no fogar. Que os homes se enfadaban moi rápido e había que saber levalos, intentar non enfadalos... Iso pasaba nese fogar ata que chegou esta nena e decidiu que non, que ela ía rebelarse contra todo iso coas consecuencias que tivese.

Poñendo tamén a outra meixela.

Literalmente falando.

Esas catro mulleres son Alba e Luci, a súa irmá; a súa nai e a avoa-bisavoa, defensora das nenas...

Para crear a señora Azucena inspireime na miña bisavoa. Foi a primeira persoa da que escoitei os primeiros *nena, deféndete, nena, ti e a túa irmá tedes que protexervos, nena, ti estuda, ten a túa carreira, os teus cartos, non dependas dun home como tivemos que depender todas...* Dalgunha maneira Señora Azucena representa esas voces das nosas avoas e bisavoas que nos falaban de feminismo sen nomealo, porque non existía esa palabra. Dálle tamén toda a rebeldía, a forza, a maldade e a violencia que ten dentro e que a nena necesitaba. Todo o contrario que lle ofrecían a súa nai e a súa irmá maior. Excítas para que disfrute da maldade.

Dicía que se arrepentía de non ter metido máis violencia.

Máis violencia por parte da nena, si. Creo que me quedei curta. *As humidades* non deixa de ser a resposta con violencia cara a unha xerarquía totalmente inútil. Esa nena non entende que alguén mande nesa casa. Non entende que alguén teña que mandar nunha casa e que non poida haber simplemente unha rede de coidados igualitaria. Nunca é suficiente violencia contra a opresión da figura da autoridade.

Que neste caso está representada polo pai, unha persoa con dobre cara: a do maltratador na casa e a político de esquerdas fantástico na esfera pública.

É un político. Punto. Co cal ten unha dobre cara, na que el mesmo sabe que ten que dicir unha morea de mentiras e ocultar a súa esencia. E, como todo político, ten que ocultar que o que quere é gobernar aos demais, posicionarse nun lugar de dominio. Esa honestidade sería tan mal vista que finxe ser que non é: un político de esquerdas que defende valores de igualdade, democráticos, progresistas... Pero en realidade é un home totalmente machista e un agresor con todas as letras.

E conta coa complicidade do seu círculo político e de amizade.

Ao final é un home con poder e aos demais interésalles impregnarse un pouco desa atmosfera. Entón non lles interesa sinalar o que realmente é esa persoa. Cantos casos coñecemos de homes que fixeron cousas moi malas, que son agresores sexuais, e os contextualizamos e normalizamos. Ás veces podo chegar a contextualización. Ao mellor os nosos avós podían ter algún comentario fóra de lugar, pero creo que temos que deixar de buscar explicacións e excusas e simplemente sinalar o que está pasando.

A señora Azucena. Á parte do seu papel de avoa-bisavoa está tamén esa parte súa de bruxa, ese esoterismo que impregna a súas accións. Iso tamén vén da súa propia bisavoa?

Hai un pouco de inspiración no sentido de que Galicia é máxica. As nosas antepasadas sempre nos falaban de quitar o aire, de levar unha castaña da sorte, de levar un figa... Esa parte de realismo máxico foi unha invención que quixen incorporar á novela porque creo que contrarresta a parte tan real da política e a violencia. A maxia e o esoterismo alixeiran un pouco o relato e fomentan a fantasía e a ensoñación, que tamén é un motivo bastante importante na novela.